

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAXAMONDE
5 DE SETEMBRO DE 2017

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación acta anterior, xuntanza do 11 de maio de 2017**
- 2.- Orzamentos participativos 2017**
- 3.- Varios**

No Centro Cultural Chan das Pipas de Saxamonde, sendo as vinte horas e trinta minutos do día cinco de setembro de dous mil dezasete, logo da convocatoria, reuníronse os seguintes membros :

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

PP.- Manuel Monteagudo Casal
BNG.- Xoan Carlos González Campo
AER.- J. Roberto Darriba Ferradás

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS

José Luis Tornero López

REPRESENTANTES DA COMUNIDADE DE MONTES

Ana Senra Pérez
Francisco Favorecido Andrés

REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS DE MULLERES

Natividad Campo Castro
Valentina Vilaboa Amoedo

REPRESENTANTES DAS COMUNIDADES DE AUGAS

Ricardo Martínez Fernández

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Saxamonde convocada para o día de hoxe.

1.- Aprobación acta anterior

Sométese á aprobación a acta da xuntanza celebrada en data 11 de maio de 2017 e queda aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de Xoan Carlos González Campo, Natividad Campos Castro, Valentina Vilaboa Amoedo e Ricardo Martínez Fernández por non teren asistido á devandita xuntanza.

2.- Orzamentos participativos 2017

A Presidenta di que esta é a única parroquia que queda por decidir onde se van a

Concello de Redondela

investir os participativos e que o tempo é necesario para poder executar os traballos.

Manuel Monteagudo Casal di que son necesarios puntos de luz na estrada xeral cara abaixo ata o muro de formigón fronte a igrexa onde se fixo o topo.

A Presidenta di que tampouco hai luz na Estrada de Saxamonde, pero que habería que pedir permiso a Fomento e isto pode retrasar a execución das obras.

Manuel Monteagudo Casal di que son necesarios catro ou cinco puntos de luz no Camiño da Rega.

Ana Senra Pérez di que hai dúas rejillas na Subida do Corisco para cambiar.

José Luis Tornero López di que é necesario un lomo de burra no Camiño do Castelo. Foi o aparelador municipal e mais o xefe da policía a mirar e se puxo un sinal de 30, pero non hai quen controle a velocidade, polo que un lomo de burra é moi necesario. Se os técnicos din que non se pode colocar, deben facelo por escrito.

A Presidenta informa que non pode instalar un lomo de burra se os técnicos non informan favorablemente. En Quintela fixéronse dous cos informes favorables dos técnicos.

José Luis Tornero López di que o problema que plantexaban os técnicos era a frecuencia, xa que pasaban poucos vehículos.

A Presidenta di que tamén había o problema da curva.

José Luis Tornero López di que na curva hai un muro e hai un claro perigo de aplastamento, porque non hai moito espazo e non hai xeito de baixar a velocidade.

As/os membros do Consello Parroquial de Saxamonde, por unanimidade das/os membros presentes, propoñen que se soliciten os informes do departamento de urbanismo e da policía local sobre a instalación dun lomo de burra no Camiño do Castelo.

Manuel Monteagudo Casal di que se necesitan dúas sinais de dirección prohibida (só residentes) no Camiño da Rega e outra no Camiño de Besada.

Ana Senra Pérez di que é necesaria a instalación dunha marquesiña onde remata o carril lento enfrente do muro do cemiterio, está marcada na propia estrada.

A Presidenta di que a única que está prevista é a de abaixo e Fomento non da o permiso para a instalación.

Francisco Favorecido Andrés di que onde está a ponte hai dous camiños un para a dereita e outro para a esquerda. Neste último está a Fonte de Trujallo que habería que recuperala, xa que ata nesta época do ano ten auga.

As/os membros do Consello Parroquial de Saxamonde, por unanimidade das/os membros presentes, propoñen que se verifique se a Fonte de Trujallo está no inventario e se non é así que se inclúa.

José Luis Tornero López propón tamén que se inventaría o Calexón da Estrela, que xa se pedira noutros consellos. É un camiño duns vinte ou vinte e cinco metros que evita que a veciñanza vaia a dar a volta polos Valos.

As/os membros do Consello Parroquial de Saxamonde, por unanimidade das/os membros presentes, propoñen que se inclúa no inventario municipal o Calexón da Estrela.

Valentina Vilaboa Amoedo di que na estrada que vai ao colexio habería que facer un muro, xa que é perigoso circular por alí.

A Presidenta di que habería que falar coas/os propietarias/os para que cederan. En Quintela fíxose un porque a veciñanza estivo de acordo.

Ana Senra Pérez di que sería necesaria a instalación dun quita medos no Camiño Albarroz e tamén habería que bachear a pista na fonte de San Román.

As/os membros do Consello Parroquial de Saxamonde, por unanimidade das/os membros presentes, deciden propoñer para os participativos as seguintes actuacións:

1º.- Instalación de puntos de luz na estrada xeral cara abaixo ata o muro de formigón, fronte a igrexa ata onde fixeron o topo.

2º.- Instalación dun lomo de burra no Camiño do Castelo.

3º.- Instalación de catro ou cinco puntos de luz no Camiño da Rega.

4º.- Instalación de marquesiña onde remata o carril lento enfronte do muro do cemiterio.

5º.- Recuperación da Fonte de Trujallo.

6º.- Instalación de quita medos no Camiño Albarroz.

3.- Varios

Manuel Monteagudo Casal di que é necesario quitar a terra no Camiño do Corisco porque a terra vai polo medio da estrada.

Francisco Favorecido Andrés di que habería que pedirlle a Fomento que arranxe as cunetas.

A Presidenta informa que xa está pedido. Esta vez contrataron a unha empresa para desbrozar, pero non para recoller o que quedaba.

José Luis Tornero López di que o lado da man dereita o recolleron e o deixaron limpo. Onde remata o Camiño do Castelo hai un tubo que ten a saída tapada, polo que habería que levantar a cuneta. Á altura da primeira casa no Camiño do Castelo non se desbrozou e hai rejillas soldadas que están cheas de area.

A Presidenta di que llo volverá a comunicar a Fomento.

Manuel Monteagudo Casal di que habería que limpar a boca dun rego na Vía Vella. Na Senda os que a limparon deixaron as ramas onde están os castiñeiros.

A Presidenta informa que se van a recoller.

Valentina Vilaboa Amoedo di que onde se puxo o contedor na parte de abaixo xa se podería asfaltar, porque os muros están feitos.

A Presidenta informa que cando se da o permiso de muro vai incluído o acondicionamento. O Concello iría despois a arranxar, pero a propiedade normalmente prefere perder os avais antes que acondicionar.

Xoan Carlos González Campo di que para que o Consello Parroquial funcione habería que traer o proxecto de ampliación da ponte, xa que é un proxecto de embergadura que afecta a subministración de auga e saneamento.

A Presidenta di que está no Concello. A ponte vai quedar e a auga e o saneamento practicamente non se van tocar. A comunidade de augas afectada está enterada e quere cambiar a manga por unha nova, que se fará no momento da obra.

Xoan Carlos González Campo di que o máis lóxico sería que o saneamento e a subministración de auga quedarán nun lado da ponte, para poder arranxar mellor posibles roturas.

A Presidenta di que debería ir pola beirarrúa que está proxectada.

Xoan Carlos pregunta se está prevista a realización do saneamento da parte de abaixo.

A Presidenta informe que se está á espera duns permisos.

José Luis Tornero López di que non se deberían deixar illas de vivendas sen saneamento, este proxecto deixa varias.

A Presidenta di que con cada proxecto o que se intenta é darlle servizo ao maior número de vivendas. O colector do Alto dos Valos non pode darlle servizo ás vivendas do alto onde está o radar costa arriba, xa que o saneamento non pode ir cara arriba.

José Luis Tornero López di que hai dous tubos moi grandes inutilizados .

A Presidenta informa que polos topos feitos non deixan meter nada.

José Luis Tornero López pregunta se lle pediu permiso a Aqualia para meter os tubos.

A Presidenta informa que os tubos son de Fomento e que son os que levaban a auga de Vigo. En relación co saneamento do Camiño de Padrón aínda non chegou o permiso de patrimonio polo Camiño Xacobeo.

Xoan Carlos González Campo pregunta polo escrito que presentaron un grupo de veciñas/os no que indican que na estrada provincial no Alto dos Valos estragaron a estrada e agora non está asfaltado e hai seis ou oito casas afectadas.

A Presidenta informa que a reposición fíxose con formigón para que non repisara. O trozo é da Deputación e reclamóuselle. Ela foi con Uxío a mirar esa e máis obras e non quixo baixar do coche. Fíxose a reclamación, enviando a queixa veciñal. Asemade non se trata dunha obra moi costosa.

Xoan Carlos González Campo pregunta se se aprobou o asfaltado.

A Presidenta resposta que non é municipal, polo que os informes técnicos van ser negativos.

Manuel Monteagudo Casal pregunta pola segunda fase na Estrada de Vilar.

A Presidenta informa que non está feito.

Xoan Carlos González Campo di que había orzamento para o Santiaguíño, pero se desviaron os cartos e á Deputación non se lle pediu nada para esta obra.

A Presidenta di que tampouco se lle pediron as sinais de metro a metro e as puxeron.

Xoan Carlos González Campo di que está dentro da súa potestade poñelas. Pregunta se o camiño de servidume no Camiño do Preto está no inventario municipal, porque habería que abri-lo.

José Luis Tornero López di que habería que insistir co asunto da rotonda no Alto dos Valos, xa que foi un asunto que se tratou no Consello Parroquial e o Pleno do Concello o aprobou.

Xoan Carlos González Campo di que se trata dun cruce moi perigoso e sen iluminación.

E non habendo máis temas na orde do día, a Presidenta levanta a sesión, sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que coma Secretaria do Consello DOU FE.